

Na España de Franco dos anos corenta, lemos a
poesía prebélica de Antonio Machado mercé ó
xesto valente do falanxista Dionisio Ridruejo:
breve achegamento

*In Franco's Spain of the 1940's, it was possible for us to read
Antonio Machado's prebelic poetry thanks to the valiant
gesture of the phalangist Dionisio Ridruejo: a brief approach*

XESÚS ALONSO MONTERO

Doutor Honoris Causa da UNED

*Para Manuel Rodríguez Alonso, que foi sobriño meu, amigo
leal, camarada en moitas inquedanzas, rigoroso comentador
de textos literarios, gran lector de don Antonio Machado e
home de ben (como o propio don Antonio).*

Para ti, Manolo, estas breves páxinas escritas nun tempo difícil.

Cómpre partir dun feito moi sinxelo: nos primeiros anos da Posguerra, homenaxear a don Antonio Machado máis ou menos publicamente era entendido por todos, polos vencedores da Guerra e polos vencidos, como un acto de disconformidade co Réxime. Para os que tiñan un pouco de información, dentro e fóra do Poder, Machado era unha biografía republicana simbólica: o cidadán que defendeu, no trienio bélico, a causa da República do Frente Popular, e tamén o combatente —o combatente literario— que cruzou a fronteira francesa con centos de miles de soldados e civís perseguidos con saña polo Exército vencedor.

Había, na España dos primeiros anos da Posguerra, miles e miles de persoas afectas ó Réxime, que, sen coñeceren os textos que escribira Machado contra o fascismo, en xeral, e contra o franquismo, en particular, estaban convencidas de que aquel cidadán e escritor, polo feito de actuar durante o trienio bélico na «zona roxa», era, para os desafectos, un símbolo. Como Antonio Machado era, antes de 1936, un escritor moi recoñecido dentro e fóra de España, a súa *auctoritas* literaria non tardou en enriquecer a súa condición cívica, axiña un icono para moitos. Nas publicacións mexicanas dos españois dese período abundan os panexíricos, todos coincidentes en salientaren a lealdade de don Antonio á causa da República en tempos tan duros e a dignidade con que viviu o seu grave e breve exilio.

É certo, tamén, que nos primeiros anos do franquismo, moitos, afectos ou non ó Caudillo, nunca leran en España determinados textos escritos, en verso ou en prosa, por don Antonio no trienio bélico. Hai que supoñer que só un número moi exiguo de persoas coñecía a *Obra completa* do escritor publicada en México na editorial Séneca, e que, prologada por José Bergamín e promocionada polo entusiasmo dos exiliados, non tardaría en chegar a non poucos lectores en certos países hispanoamericanos. É nesas *Completas* onde figuran textos inimaxinables na España de Franco: «El crimen fue en Granada», «A Líster, Jefe de los ejércitos del Ebro», «Miaja», «A Méjico», «A otro Conde D. Julián», «Discurso a las Juventudes Socialistas Unificadas», «Carta a David Vigodky», «Sobre la Rusia actual», «El V Regimiento del 19 de julio», «Prólogo» (a *Los españoles en la guerra*, de Manuel Azaña).

Ós entusiastas e agradecidos ó Réxime, ignorantes, na súa inmensa maioría, destes textos e doutros semellantes, abondáballes con saber que aquel escritor, certamente con prestixio xa antes de 1936, fora leal, radicalmente leal, á causa da República, para eles a Antiespaña. Antonio Machado non era «dos nosos», era «dos outros», dos que nin sequera tiñan dereito a chamárense españois. Eran da España nefanda, tan nefandos como os españois do Século de Ouro que tiñan sangue xudeu, que non eran cristiáns vellos. No *Retablo de las maravillas* de Cervantes uns personaxes moi oficiaisos segregábanos, en latín e en romance, nestes termos: «ex illis est», «dellos es». Na España de Franco, os que non eran «dos nosos» case non eran xente, eran dos outros, dos españois culpables e ruíns: «ex illis est». Un deles, o escritor Antonio Machado Ruiz (Sevilla, 1875 – Collioure, 1939).

Por esta condición de pertencer ós outros, de ter estado coa España na que cría, era moi difícil, ó finalizar a Guerra, reeditar en España as chamadas *Poesías completas* súas, cuxa cuarta edición fora impresa no ano 1936, pouco antes da Sublevación. É este un capítulo moi triste na historia da bibliografía española. Hai que chegar a 1941 para que Espasa-Calpe (Madrid) reimprima a cuarta edición desas *Completas*, anteriores, como xa se dixo, ó 18 de xullo de 1936. Insistimos na cronoloxía editorial para que quede ben claro que na edición de 1941, reimpresión fiel de 1936, non existen poemas «subversivos», nin a grandiosa elegía a Federico García Lorca nin o soneto ó «heroico Líster». No Exército e no mesmo Consello dos Ministros houbo voces, moi poderosas, que se opuxeron á publicación desa quinta edición. Foi preciso que os falanxistas «liberais» de 1940, daquela non exentos de poder (Dionisio Ridruejo, Pedro Laín Entralgo, Antonio Tovar...), montasen unha operación para «rescatar» a Machado, pois, de non facelo, sería un nome exclusivo do exilio español e do antifascismo mundial. A operación protagonizouna, fundamentalmente, Dionisio Ridruejo (1912-1975), falanxista, nesas datas, dun gran prestixio e dono dunha oratoria político-cultural que engaiolaba mesmo os franquistas menos falanxistas. O que necesitaba a editorial Espasa-Calpe para reimprimir as coñecidas *Poesías completas* era un prologuista das características de Ridruejo; dito doutra maneira, o que se precisaba non era un prólogo, era un aval. Ninguén mellor ca el, que tamén era poeta e fora alumno, no Instituto de Segovia, de don Antonio Machado. Foi o camarada Dionisio Ridruejo, pois, quen escribiu un extenso limiar co título, significativo, de «El poeta rescatado», pois dun «resca-

te» se trataba. Para Ridruejo, o pobre don Antonio, vello e doente, escribiu ou asinou, en plena guerra, textos e proclamas propios dun «secuestrado moral», que é o que era, nas mans do Frente Popular, aquel home xa con tan poucos folgos. Anos despois, o poeta José Ángel Valente manuscibiría, no seu exemplar desa edición, estas palabras admonitorias (sen data):

El que sienta alguna estima por el autor (¿rescatado?) de este prólogo que no lo lea nunca.

Sí, este prólogo hay que leerlo con piedad, con melancolía¹

Quizais Valente non era, nesa data, moi consciente de que o prólogo fora escrito, en boa parte, para «mitigar» a reacción hostil dos ultras do Réxime. Ese é o verbo, «mitigar», que emprega Ramón Serrano Súñer nunhas datas, 1940, en que tiña moito poder (ministro da Gobernación, Cuñadísimo de Franco...). Trataba de aplacar o xeneral Vigón que lera o famoso prólogo no número 1 da revista *Escorial* (outubro de 1940), revista minimamente aperturista que, dirixida por Ridruejo e por Laín Entralgo (secretario), tampouco era grata ós sectores non falanxistas do Exército. Ridruejo e os seus decidiron publicar o prólogo antes do volume de Machado para sondear o ambiente. Non sen problemas, publican o volume, co correspondente prólogo, un ano despois, en 1941².

Así pois, os españois da década dos Corenta, eu entre eles, tivemos acceso á obra literaria de Antonio Machado porque un grupo de falanxistas cultos e comprensivos desafiaron as actitudes que certos elementos militares —e civís— esgrimían nesas datas. Para iso, Dionisio Ridruejo tivo que escribir —e subscribir— moitas «tonterías», palabra esta que o prologuista ten empregado en varias declaracións posteriores exculpatorias. Quizais Valente nos as coñecía.

Nunha España destas características homenaxear a Antonio Machado desde unha óptica esquerdista, por moi cauta e sutil que fose a crítica ó Poder imperante, era imposible ou case imposible. Xa é significativo que as primeiras homenaxes públicas, non exentas de elementos unha miguña inquietantes para o Réxime, sexan de febreiro de 1959, XX cabodano do escritor. Tamén en Galicia, de xeito moi tímido, 1959 será o ano inaugural dun machadismo minimamente crítico co Poder. Hai anos publiquéi unha colectánea co título *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado*, volume en que hai datos e textos (tamén posteriores á morte de Franco) reveladores de como foi evolucionando o machadismo en Galicia non só entre 1959 e 1975 senón a partir desta data³.

¹ Este exemplar figura na biblioteca da Fundación José Ángel Valente (USC, Facultade de Filoloxía)

² Sobre esta cuestión v. o meu traballo «Por qué y por quién fue posible leer la poesía de Antonio Machado en España en los primeros años de la Posguerra», *Hespérides*, UVI (en prensa).

³ Colección Hipocampo Amigo, Poio-Pontevedra, 2004 (ed. de X. Alonso Montero).

